

CCCO asina o convenio das residencias de maiores e centros de día

CCCO quiere agradecer ás traballadoras e traballadores do sector a súa implicación nas mobilizacións e na folga, que foron a chave para desatascar os múltiples bloqueos na negociación, e rematar coa consecución das melloras que recolle o convenio.

Tras dous anos de negociación, unha folga indefinida e dúas mediacións no CGRL, a patronal modificou a súa postura cedendo e moitas das reivindicacións, o que fixo posible a sinatura do convenio.

O convenio inclúe as seguintes melloras:

-Incremento retributivo dun 6,5% para o ano 2022 que se abonará no mes de marzo ou abril e que incluírá os atrasos desde o mes de xaneiro. Neste mesmo ano a paga extra de decembro será da mesma contía do salario base e antigüidade e consolidable.

-No ano 2022 o persoal verá reducida a súa xornada en 7 horas, quedando fixada en 1769 horas.

- Incremento retributivo dun 1% para o ano 2023. Neste mesmo ano a paga extra de xuño será da mesma contía do salario base e antigüidade e consolidable. A partir deste ano no abono da vacacións a cantidade corresponderá á media ponderada de domingos e noites traballados nos 12 meses anteriores.

-No ano 2023 o persoal verá reducida a súa xornada en 7 horas, quedando fixada en 1762 horas.

-Modifícase o artigo 41 do convenio, incrementando a tres días o permiso retribuído en caso de accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirurxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario de parentes de primeiro grao. E facilitando que todos os permisos desta índole poidanse desfrutar de xeito descontinuo dentro dos 7 seguintes ao feito causante.

Por outra banda, o acordo senta as bases para a negociación a partir do ano 2024 de futuras melloras que continúen abondando na merecida posta en valor do persoal do sector.